

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN 1º Bacharelato. Curso 2023-24

Dado que a materia ten dous bloques de contidos diferenciados, un teórico e outro de práctico, e que a metodoloxía das unidades é altamente procedimental, as porcentaxes de cada bloque de contidos serán:

- Contidos teóricos: proba escrita, será o 40%. A proba teórica contará con exercicios de linguaxe musical, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras, de exercicios de composición, de transcripción de partituras a través de ferramentas dixitais, etc.

Todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos de cada unidade. Ademais, poderá contar con preguntas en formato test e outras de redacción.

- Contidos prácticos: parte práctica, participación, traballo regular na aula e na casa, traballos a presentar na aula, interpretación instrumental/vocal/dancística, creación de proxectos audiovisuais ou escénicos, etc. Será o 60%.

Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática con táboas de indicadores ou rúbricas que se utilizarán nas sesións de aula, e tamén haberá unha rúbrica específica para as actuacións públicas, para os exames individuais prácticos de interpretación e para os proxectos audiovisuais e escénicos. No caso dos exames individuais o alumnado deberá demostrar que sabe completa a súa parte de interpretación da obra/s de avaliación.

O aprobado acadarase cunha puntuación mínima de 5. A nota da avaliación ordinaria será a media dos tres trimestres.

Cando a nota de cada avaliación ou da final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se é igual que 0.5 ou están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior. Por exemplo, se a media é de 7.3, a nota será 7; se a media é 7.7, a nota será 8.

Criterios recuperación

O alumnado de 1º Bacharelato que acade unha cualificación inferior a 5 na avaliación final ordinaria realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados así como de preparación - de ser necesario- da proba extraordinaria.

Estas actividades poderán ser de dous tipos;

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a avaliación ordinaria e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e a metodoloxía aplicada.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso, non presentadas ou con cualificación negativa, se se considera beneficiosa para o alumnado a súa repetición. Estas actividades corresponderán aos dous bloques da materia teórico e práctico.

Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos.

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para recuperar a materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación seguirán os criterios de cualificación establecidos na programación.

A proba extraordinaria de xuño e os criterios de cualificación seguirán o mesmo deseño que as probas da avaliación ordinaria. A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluirá os contidos teóricos e prácticos.

A cualificación final da materia de Linguaxe e práctica musical obterase coa suma das notas acadadas aplicando as porcentaxes dos dous apartados de contidos teóricos e prácticos, e será necesario acadar unha cualificación de 5 puntos para superala.